



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Por Decreto de Alcaldía número 669/2023 de 24 de novembro de 2023, aprobáronse as Bases Reguladoras para o “Concurso de escaparates de Nadal 2023”, que a continuación se indican:

“BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES NADAL 2023

Base primeira: Definición do obxecto

O obxecto do concurso de escaparates premiar os comerciantes incentivando o pequeno comercio e a hostalería do termo municipal para decorar os escaparates con motivos do Nadal.

Base segunda: Requisitos dos participantes

Poderán participar todas os/as empresarios/as que teñan locais con escaparates ao exterior en calquera das parroquias que forman parte do municipio.

Base Terceira: Publicidade das bases e convocatoria

O Concello dará publicidade da presente a través da sede electrónica do Concello de Malpica de Bergantiños (<https://www.concellodemalpica.com/>), no taboleiro de anuncios e na rede social facebook do Concello de Malpica de Bergantiños.

Base cuarta: Adhesión dos comercios ó concurso

O prazo de inscrición ábrese o día 7 de decembro as 9.00 h da mañá e pecharase o día 20 de decembro ás 14.00 h.

Base quinta: Duración do Concurso

Os establecementos participantes deberán ter adornado o escaparate desde o día 20 de decembro ata o día 7 de xaneiro.

Base sexta: Participación

Os escaparates deberán estar adornados/engalanados con elementos decorativos tradicionais propios do Nadal.

Para inscribirse no concurso terán que presentar, no rexistro do Concello presencial ou telematicamente, a folla de inscrición cuberta (anexo I) acompañada da seguinte documentación:

Copia do NIF do solicitante, no caso de ser persoa física ou representante.

CIF da entidade, no caso de persoas xurídicas, así coma o NIF do presidente ou representante destas.

Declaración responsable de non estar incurso en causa que impida ser beneficiario de subvencións públicas e de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social. (Anexo II)

Certificación bancaria do número de conta onde se ingresará o premio.

Coas solicitudes os interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na norma ou convocatoria, salvo que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

establecido no art. 53.1.c da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron prestados ou, no seu caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir ao solicitante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución. A presentación da solicitude de participación no “Concurso de Escaparates Nadal 2023” por parte do interesado levará consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia. O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, para o que deberá presentar nese caso a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

A inscrición no concurso supón a aceptación das seguintes bases.

Base sétima: Premios

Outorgaranse 10 premios para os mellores escaparates, un por cada establecemento.

1º Premio dotado con 300 €

2º Premio dotado con 200 €

E sete (7) terceiros (3º) premios dotados con 100 €

A listaxe de premiados publicárase na sede electrónica do Concello de Malpica de Bergantiños (<https://www.concellodemalpica.com/>), no taboleiro de anuncios e na rede social facebook do Concello de Malpica de Bergantiños.

Base oitava: Composición do xurado

O xurado estará composto por tres membros que serán o Concelleiro de Turismo, o Concelleiro de Promoción Económica e un Empregado público, e elixirán os mellores escaparates con temática do Nadal.

Actuará como secretario con voz e sen voto, un empregado público do Concello, que levantará acta do resultado das deliberacións do xurado.

Os membros do xurado non poderán ser familiares dos concursantes nin estar comprendidos en causa de recusación dos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, polo que no caso de darse algunha destas circunstancias deberán absterse da participación no mesmo.

Base novena: Xestión da valoración dos escaparates

A valoración dos escaparates farase sobre unha puntuación total de 50 puntos e se terán en conta os seguintes criterios de avaliación:

Calidade artística (10 puntos)

Composición (10 puntos)

Creatividade (10 puntos)

Orixinalidade (10 puntos)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Iluminación e utilización de elementos tradicionais do Nadal (10 puntos)

Os días 29 e 30 de decembro a partir das 10.00 horas o xurado visitará todos os establecementos participantes para realizar a súa valoración.

A decisión do xurado será inapelable.

Base décima: Compatibilidade con outros premios

Non se poderá acumular nun mesmo beneficiario/empresario, mais de un premio dos previstos nesta campaña

Base décimo primeira: Autorización do gasto

Autorizar o gasto (fase A) con cargo á operación nº 220230008209 a cargo da partida 433.479.00, por importe total de 1.200,00 €.

Base décimo segunda: Cancelación, supresión ou modificación do concurso

O concello de Malpica de Bergantiños resérvase o dereito de modificar as presentes bases en caso de ser necesario e sempre baixo xustificación; inclusive a cancelar a celebración do evento de non alcanzarse un número de inscritos suficiente para garantir o seu éxito (mínimo 10 participantes).

Base décimo terceira: Protección de datos

Os datos de carácter persoal recollidos na documentación entregada polos participantes serán tratados en conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos de carácter persoal. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios (Anexo III).

Base décimo cuarta: Norma final

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o art. 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña."



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

ANEXO I

1. DATOS PERSOAIS				
Nome e Apellidos		DNI/CIF		
Domicilio				
Localidade		Provincia		CP
Teléfono fixo		Móbil		Fax
Correo electrónico				
2. DATOS DO ESTABLECIMENTO COMERCIAL				
Nome Comercial				
Domicilio				
Localidade		Provincia		CP
FINALIDADE: PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL 2023				
EXPÓN: Que coñece as Bases do Concurso de Escaparates de Nadal 2023, convocado polo Concello de Malpica de Bergantiños, e cumpre os requisitos establecidos para a participación no mesmo.				
Polo exposto, SOLICITA: A súa inclusión como participante no Concurso de Escaparates de Nadal 2023 convocado polo Concello de Malpica de Bergantiños.				
Acompaño xunto á solicitude os seguintes documentos:				
Solicitude de participación no Concurso de Escaparates de Nadal 2023				
<input type="checkbox"/> NIF do solicitante				
<input type="checkbox"/> CIF da entidade, no caso das persoas xurídicas, así como o NIF do presidente ou representante destas.				
<input type="checkbox"/> Declaración responsable de non estar incurso en causa que impida ser beneficiario de subvencións públicas e de estar ó corrente das obrigas tributarias e da seguridade social (Anexo II)				
<input type="checkbox"/> Certificación bancaria do número de conta onde se ingresará o premio				

A inscrición como participante, implica o coñecemento e aceptación íntegra das Bases reguladoras e as condicións establecidas nas mesmas.

En Malpica de Bergantiños a ___de_____de 2023

Sinatura do/a interesado/a

A/A: Concellaría de Turismo

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

ANEXO II

DECLARACIÓN

Don/Dona
con DNI/NIE, en
representación de

DECLARA QUE: (Marque o que corresponda)

- Non está incurso/a en causa que lle impida ser beneficiario de subvencións públicas.
- Está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

En Malpica de Bergantiños, a ____ de ____ de 2023.

Sinatura do/a interesado/a



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

ANEXO III

Os datos de carácter persoal aquí recollidos son tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. Informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, con dirección RÚA EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ, Nº 1 15113 - MALPICA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA).

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.-DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS non cederá os seus datos de carácter persoal.

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.”

En Malpica de Bergantiños, 29/11/2023

O alcalde

Eduardo José Parga Veiga



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª